

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

RESOLUCIÓN do 8 de xullo de 2014, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se fai pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no Ensino 2014, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia.

Pola Orde do 12 de febreiro de 2014 (DOG nº 35, do 20 de febreiro), da Consellería de Traballo e Benestar establecéronse as bases reguladoras do certame Cooperativismo no Ensino, dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e procedeu-se á súa convocatoria para o ano 2014.

Nas bases reguladoras establécese que os traballos participantes neste concurso serán avaliados por un tribunal e que a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social resolverá a concesión dos premios, que serán obxecto de publicación no DOG.

Unha vez aprobadas as propostas de concesión dos premios polos tribunais encargados de avaliar os traballos presentados, na súa reunión do 2 de xuño de 2014, e sen que fosen formuladas reclamacións,

DISPOÑO:

Facer pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no Ensino 2014 dirixido ao alumnado e profesorado dos centros educativos de Galicia, e que se relacionan no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2014

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Traballo e Economía Social

ANEXO I Certame Cooperativismo no Ensino 2014

– Modalidade de debuxo, pintura, fotografía e/ou vídeo dirixido ao alumnado de educación infantil e primaria, por categorías:

Categoría A: alumnos/as de 2º ciclo de Educación Infantil.

Premio ao mellor traballo compartido: «Cun pouco de cada un, algo de todos» do CEIP San Miguel de Reinante.



Premio ao mellor traballo compartido: «No cole aprendemos a cooperar» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «Naturcolmena» do CPR Plurilingüe Manuela Rial Mouzo.

Categoría B: Alumnos/as de 1º e 2º de Educación Primaria.

Premio ao mellor traballo: «Coopera» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «Eliximos un nome para a aula» do CPR Andaina.

Categoría C: alumnos/as de 3º e 4º de Educación Primaria.

Premio ao mellor traballo: «Un mundo mellor» do CEE Terra de Ferrol.

Accésit: «Cooperativismo: todos ao mesmo son» do CEIP San Miguel de Reinante.

Categoría D: alumnos/as de 5º e 6º de Educación Primaria.

Premio ao mellor traballo: «Coope rap» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «Aprendo con África a traballar en comunidade» do CEIP Domaio.

– Modalidade de actividades cooperativizadas dirixido ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria, por categorías:

Categoría E: alumnos/as do 1º ciclo da ESO.

Premio ao mellor traballo: «Contacontos. Cooperamos enleando contos no bosque» do IES Pedras Rubias.

Categoría F: alumnos/as do 2º ciclo da ESO.

Premio ao mellor traballo: «Faragullas de memoria» do IES Pedra da Auga.

– Modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixido ao alumnado e ao profesorado dos centros de formación profesional.

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo: «Bioconspa, Sociedade Cooperativa Galega» presentado polo alumnado e profesorado do CIFP Someso.



Accésit compartido aos proxectos empresariais finalistas: «A Quinta da Oroza, Sociedade Cooperativa Galega» presentado polo alumnado e profesorado do CIFP Carlos Oroza, e «Servastec, Sociedade Cooperativa Galega» presentado polo alumnado e profesorado do IES Politécnico de Vigo.

CVE-DOG: xyn5gpv5-5f59-12t5-1w09-uzwqldcupgj1

